



FICHA ISAD(G) DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Código(s) de referencia	ES.GA.36057.AM.VIG.13
Título	BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
Datas	1883-1984
Nivel de descrición	Fondo
Volume e soporte	5 unidades de instalación con 205 expedientes ou agrupacións documentais en soporte papel na súa práctica totalidade

2.- ÁREA DE CONTEXTO

Nome do produtor	Banda Municipal de Música
<i>Historia administrativa (ISAAR)</i>	<p>O antecedente da Banda Musical de Vigo atopámolo na Banda do Hospicio, que desenvolverá a súa actividade entre xaneiro de 1878 e comezos do ano 1883. A súa desaparición supón a posta en marcha dunha nova agrupación, impulsada polo propio alcalde de Vigo, Jacobo Domínguez Iglesias, aínda que non terá carácter municipal até o ano 1898. En abril de 1883 créase unha comisión directiva, composta por Belarmino Landrove Mariño, José María Vázquez, Agustín Barros e Enríquez Paz, nomeado este último director da banda. En maio de 1883 o colectivo xa estaba plenamente constituído. En 1912 o Concello decide reorganizar a agrupación, entrando Mónico García de la Parra coma director da mesma e dando inicio a unha etapa de éxito musical e creativo. O declive da agrupación iniciárase en 1958, coincidindo coa partida do antedito, desaparecendo definitivamente a Banda Municipal de Música no ano 1993</p>
Institución arquivística	Arquivo municipal de Vigo
Historia arquivística	<p>A documentación pertencente ao Banda de Música estaba integrada no fondo municipal como unha sección propia. Non obstante, e atendendo as características da propia Institución, este fondo foi individualizado durante o proceso de reorganización da documentación custodiada no Arquivo municipal realizada a partir do ano 2020.</p>
Forma de ingreso	Por transferencia

3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido	<p>O fondo da Banda Municipal de Música componse de 5 unidades de instalación repartidas entre as datas extremas de 1883 e 1984, sumando un total de 205 rexistros. O conxunto ocupa unha extensión de 0,55 metros lineais. A maior parte dos rexistros relaciónanse ben coa administración do persoal, especialmente sancións e oposicións, ou ben coa realización de concertos e actuacións. Destacan polo seu valor cualitativo documentos coma actas, regulamentos, contas ou os varios</p>
-------------------	---



	expedientes dedicados á organización e reorganización da Banda Municipal de Música. O rexistro máis antigo do fondo é o “Expediente de organización da Banda Municipal de Música impulsada polo Alcalde Jacobo Domínguez Iglesias (1883)”, mentres que o documento máis destacado é o “Libro de Arquivo da Banda Municipal de Música (1953-1957)”, que contén unha relación de todas as partituras da agrupación clasificadas segundo o seu xénero, así como dos instrumentos e outros materiais propiedade da agrupación.
Valoración, selección e expurgo	Non se realizou ningún expurgo dado a pequena dimensión do fondo e o seu carácter patrimonial e de conservación permanente.
Novos ingresos	Non se esperan novos ingresos dado que se trata dun fondo pechado pertencente a unha institución desaparecida. Non obstante, coñécese a existencia doutra documentación referida a esta institución custodiada polo Servizo de Cultura, entre as que destacan as partituras da agrupación.
Organización	O fondo está organizado en dúas series documentais: 1.- Expedientes de organización e administración (1883-1980) 2.- Expedientes de persoal (1899-1984) 3.- Expedientes de actuacións e concertos (1913-1980)

4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

Condicións que rexen o acceso	Documentación patrimonial de libre acceso.
Condicións de reprodución	Reprodución libre a solicitude do interesado, coa excepción da protección documental e da salvagarda da súa integridade.
Notas da lingua/escritura dos documentos	Castelán
Características físicas e requirimentos técnicos	
Instrumentos de descrición	Catálogo informatizado dispoñible en www.atopo.depo.gal

5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

Existencia e localización de orixinais	Non se coñece a existencia de orixinais fóra do arquivo municipal a excepción das partituras custodiadas polo Servizo de Cultura.
Existencia de localización de copias	Non se coñece a existencia de copias
Unidades de descrición relacionadas	O Servizo de Cultura do Concello de Vigo custodia documentación Banda de Música, concretamente as partituras da Banda.
Nota de publicación	

6.- ÁREA DE NOTAS

Notas	
-------	--

7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN



Notas do arquivista	Descrición realizada polo persoal técnico do Arquivo municipal de Vigo e colaboradores
Notas do arquivista	Primeira versión: Febreiro de 2021 Segunda versión: Setembro de 2021
Regras ou normas	General International Standard Archival Description, Second Edition, ISAD (G) Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA)
Data da descrición	Febreiro de 2021
Estado de elaboración	Borrador
Nivel de detalle	Parcial
Idioma	Galego
Fontes	